XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

Plan Xeral de Atención á Diversidade

INTRODUCIÓN 3

FUNDAMENTACIÓN LEGAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 3

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO 8

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES 8

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS 11

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN ÁDIVERSIDADE. 12

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS 30

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO 32

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS. 37

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO. .. 38

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS. 39

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA 46

11. APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. 48

INTRODUCIÓN

A diversidade abarca a todos, incluso a aqueles que se observan a través dunha normalidade ilusoria (Ainscow, 2001).

O obxectivo do Desenvolvemento Sostible 4 no relativo á Educación e o Marco de Acción Educación 2030 da UNESCO, fai fincapé en que a inclusión e a igualdade son os alicerces dunha **ensinanza de calidade.** Así mesmo, o Reto Social número 13 do Programa de Investigación e Innovación da Unión Europea (HORIZONTE2020) é unha **sociedade inclusiva**, reflexiva e innovadora. A inclusión, a equidade e a igualdade de oportunidades reflíctese pois, como unha tarefa constantemente pendente para a sociedade do século XXI.

Os Sistemas Educativos non poden ser alleos a esta situación, fomentando a creación e consolidación dunha escola inclusiva mediante a posta en marcha de políticas educativas que favorezan culturas e prácticas respectuosas cos dereitos de todo o alumnado, independentemente das súas características e circunstancias individuais.

A atención á diversidade implica que o Sistema Educativo en xeral e os Centros Educativos en particular sexan quen de axustar a resposta educativa ás necesidades reais do alumnado, co obxectivo claro de garantir unha **acción educativa de calidade.** Nesta dirección, a atención á diversidade debe ser o resultado dun **ESFORZO COMPARTIDO** entre todos/as os/as membros da Comunidade Educativa.

O Plan Xeral de Atención á Diversidad (en adiante PXAD) -que formará parte do Proxecto Educativo de Centro- é o documento no que se articula a atención á diversidade. Nel concrétanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o IES de Melide deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade no noso alumnado (Art. 10º do Decreto 229/2011). Trátase dun documento aberto e flexible, que admite cambios e modificións en función das situacións sobrevidas que poidan xurdir. É pois un documento dinámico que evoluciona coa experiencia e susceptible de propostas de mellora. Ao comezo de cada curso escolar, o Departamento de Orientación do IES de Melide elaborará a proposta da concreción anual do PXAD, que formará parte da Programación Xeral Anual.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Toda acción educativa (e orientadora) precisa dun apoio normativo para o desenvolvemento das suas funcións. Por iso, a continuación, detallamos a normativa xeral actual que, directa ou indirectamente, determina a atención á diversidade no Sistema Educativo:

- A Constitución Española do ano 1978 recoñece no seu artigo 27 o dereito de todo o alumnado á educación e no seu artigo 49 recolle o dereito das persoas con discapacidade.
- O Real Decreto Lexislativo 1/2013 polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a inclusión social recoñece o dereito das persoas con discapacidade a unha educación de calidad en igualdade de condicións que os demais.
- Real Decreto 1635/2009 que regula a admisión e atención ao alumnado con NEAE no ámbito da xestión do MEC.
- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) coas modificacións introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (LOMCE). Ambas disposicións lexislativas recollen e regulan a organización e funcionamento do Sistema Educativo actual e recollen como principios do Sistema Educativo, entre outros:
    a. A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
    b. A equidade, que garantice a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.
    c. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- Circular 9/1999 pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regulan as avaliacións psicopedagóxicas e o ditame de escolarización.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regula a flexibilización e a atención ao alumnado con sobredotación intelectual.
- Circular 8/2009 pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade do alumnado na ESO.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se regulan os criterios e condicións de escolarización do alumnado con Necesidades Educativas Especiales (NEE).

- Orde do 20 de febreiro de 2004 polo que se regula a atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel defínese **a diversidade como unha realidade social** e, polo tanto, unha realidade educativa derivada da singulariedade biolóxica, psicolóxica, social e cultural do alumnado e das súas familias, do profesorado e de toda a Comunidade Educativa en xeral. Ademais, o dito decreto indica que **atender á diversidade implica poñer en marcha** un *conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado*. A atención á diversidade réxese polos seguintes **principios:**
    - **Normalización e inclusión.**
    - **Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.**
    - **Flexibilidade e accesibilidade.**
    - **Interculturalidade e promoción da convivencia.**
    - **Autonomía dos Centros Educativos.**
    - **Participación de toda a Comunidade Educativa.**

  Ademais, o devandito Decreto recolle as Medidas de Atención á Diversidade (en adiante MAD) como aquelas actuacións, estratexias ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Destaca tamén a clasifiación de MAD ordinarias e extraordinarias, as modalidades de escolarización (ordinaria, combinada e en Centros de Educación Especial), o concepto de alumnado con NEAE e o proceso de elaboración e aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade dos Centros Educativos de Galicia.

Debido a que o IES de Melide conta con unha oferta educativa que abrangue a ESO, o Bacharelato, a Formación Profesional (Básica e Media) e a Educación Secundaria para Adultos (ESA) será preciso ter en conta tamén a seguinte normativa:

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da ESO e Bacharaleto.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BACH na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instruccións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/2019, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e BACH nos centros docentes da Comunidad Autónoma de Galicia.

- A normativa autonómica que regula as materias de libre configuración: Orde do 15 de xullo de 2015, orde do 13 de xullo de 2016 e orde do 3 de agosto de 2017.
- Orde do 19 de Abril de 2018 que regula aspectos relativos á organización das materias de Bacharelato.
- Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómicas de elección para os centros docentes nas etapas da ESO e BACH, e se regula o currículo e a súa oferta.
- Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, que regula as avaliacións finais da ESO e BACH.
- Real Decreto Lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a amplicación do calendario de implantación da LOMCE.
- Real Decreto 562/2017, de condicións para a obtención do título de graduado na ESO e Bacharelato.
- Resolución do 9 de xuño de 2017 pola que se ditan instruccións para a adopción de medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017.
- Orde do 22 de abril de 2010, que recolle o procedemento nas reclamacións de 2º de Bacharelato.
- Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.
- Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos. DOG 6 agosto 1992.
- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 31 de xullo de 2009.
- Orde do 26 de abril de 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 8 de maio de 2007.
- Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. DOG 21 de xuño de 2010.

- Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharelato para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se modifica a Orde do 10 de febreiro de 2012 pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 5/2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan Instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2018/2019.
- Circular 4/2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2018/19.
- Lei 5/2002, do 19 de xuño, de cualificacións profesionais e da Formación Profesional.
- Real Decreto 1147/2011, do 29 de xullo, de ordenación xeral da Formación Profesional no Sistema Educativo.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, de ordenación xeral da FP en Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula o desenvolvemento, avaliación e acreditación do alumnado da FP inicial.
- Orde do 15 de xuño de 2016 que regula o procedemento de admisión do alumnado en ciclos formativos en réxime ordinario e para as persoas adultas.
- Real Decreto 127/2014, do 28 de febrerio, que regula aspectos específicos da Formación Profesional Básica (FPB).
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da FPB.
- Orde de 13 de xullo de 2015 que regula as ensinanzas, o acceso e a admisión na FPB en Galicia.

Sen prexuízo do anterior, ao longo do Plan Xeral de Atención á Diversidade, faremos mención a normativa específica de aplicación que corresponda en cada caso[1].

Finalmente, é importante tomar como referencia os **PROTOCOLOS** publicados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que supoñen un marco de acción común para actuar en temas relacionados coa atención á diversidade e

[1] Ao tratarse este do documento marco de Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES de Melide, nas concrecións anuais tamén se fará mención á normativa específica e actualizada para cada curso escolar.

implicar e forzar a coordinación interprofesional e interinstitucional. Serven para orientar a nosa actuación docente no marco da atención á diversidade e deberán ser tidos en conta por toda a Comunidade Educativa do IES de Melide no desenvolvemento das súas funcións. Serán de especial uso no marco deste PXAD no IES de Melide os seguintes:

- Protocolo para atención eductiva ao alumnado con Discapacidade Auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e Discapacidade Intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- O protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de Urxencias Sanitarias.
- Protocolo de Absentismo Escolar.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar.

Todos os protocolos publicados pola Consellería actuais (e futuros) estarán a disposición para a consulta e o préstamo do profesorado do IES de Melide no Departamento de Orientación e tamén estarán a disposición do Equipo Docente na Sala de Profesorado.

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Remitímonos, neste apartado, á información recollida no punto 2.2. do Proxecto Educativo do IES de Melide; documento no que se insire o Plan Xeral de Atención á diversidade (Art. 11 do Decreto 229/2011). Non obstante, é importante facer mención a dous aspectos que consideramos teñen especial relevancia nas diversidades do noso Centro e da nosa contorna:

a. O illamento socio-cultural do alumnado escolarizado no noso IES que procede das zonas rurais da comarca.
b. O desfase curricular do alumnado inmigrante.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Tendo en conta o principio de prevención da orientación educativa de Vidal e Manjón (2002) toda planificación en orientación debe comezar por unha análise das necesidades, é dicir, un proceso sistemático de recollida da información relevante que nos permita adaptar as nosas actuacións ás necesidades reais do noso Centro Educativo e do noso

contexto. Para levar a cabo este proceso utilizaremos diversas técnicas e procedementos de recollida de información:

a. Análise da Memoria Anual do Plan de Orientación Educativa do Departamento de Orientación do curso anterior.
b. Análise e valoración dos datos recollidas no aplicativo DRDADI.
c. Revisión dos informes e/ou historial académico do alumnado procedente de Educación Primaria que se escolariza en 1º curso da ESO. Tamén do alumnado novo escolarizado no noso IES.
d. Desenvolvemento do protocolo de **Avaliación Inicial** por parte do profesorado de cada materia, co apoio e asesoramento do DO, de acordo co recollido no Decreto 229/2011 e que constitúe unha medida preventiva por excelencia para a detección temperá das necesidades educativas do noso alumnado.
e. Desenvolvemento das **Avaliacións Psicopedagóxicas** por parte da Xefatura do Departamento de Orientación (Decreto 120/1998 e Orde do 24 de xullo de 1998) no marco do establecido na Orde do 31 de outubro de 1996, que regula as avaliacións psicopedagóxias e os ditames de escolarización e no Decreto 229/2011 de atención á diversidade. Para a realización das Avaliación Psicopedagóxicas, o Departamento de Orientación poderá solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico (EOE) que corresponda. Nesta dirección, e tendo en conta as concrecions lexislativas actualmente vixentes, describimos a continuación as situacións nas que o DO do IES de Melide procederá, sempre que cumpra, á realización dunha Avaliación Psicopedagóxica:
    - Escolarización no IES dun alumno/a de nova incorporación ao Sistema Educativo Galego con NEAE; de acordo co que se establece na Orde do 27 de decembro de 2002.
    - Alumnado con Altas Capacidades. A Orde do 28 de outubro de 1996 recolle que a identificación de un alumno/a con Altas Capacidades deberá ser acreditada mediante a Avaliación Psicopedagóxica Correspondente.
    - Adaptacións Curriculares Significativas (ACS). O Orde do 6 de outubro de 1995 recolle que para levar a cabo unha ACS en calquera área ou materia, os Centros Educativos deberán realizar unha avaliación psicopedagóxica na que se recollan os datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno/a e sobre o seu proceso de aprendizaxe. As ACS precisan da autorización do Servizo de Inspección Educativa que corresponda.
    - Flexibilización do período de escolarización. A Orde do 27 de decembro de 2002 que regula os criterios e condicións para a escolarización do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) e a Orde do 28 de outubro de 1996 para a escolarización do alumnado con Altas Capacidades recollen que para acollerse a esta medida a Dirección do Centro deberá remitir á Xefatura Territorial, entre outros documentos, un

informe que xustifique a súa necesidade, elaborado polo Departamento de Orientación (DO).

- Cambio da modalidade de escolarización [2] dun/ha alumno/a escolarizado/a no noso IES. A decisión do cambio de modalidade precisará da elaboración, por parte do DO, do ditame de escolarización, logo da correspondente Avaliación Psicopedagóxica (Orde do 31 de outubro de 1996 e Decreto 229/2011).
- Atención Educativa domiciliaria. A normativa recolle no Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria que o alumnado que, por prescripción facultativa, non poidan asistir ao Centro Educativo por un periodo superior a un mes poderá solicitar á dirección do IES de melide a súa atención educativa no seu domicilio. A dirección do Centro deberá trasladar a solicitude ao Servizo de Inspección Educativa e á Xefatura Territorial acompañado dun informe do titor/a do alumno/a. No caso de tratarse dun alumno/a con NEAE tamén se deberá acompañar do Informe Psicopedagóxico do DO, logo da correspondente Avaliación Psicopedagóxica.
- Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR): a normativa recolle que a persoa que exerza as funcións da Xefatura do DO deberá realizar unha Avaliación Psicopedagóxica ao alumnado proposto polo Equipo Docente para se incorporar a un PMAR.
- Protocolo de Identidade de Xénero: de acordo co establecido no Protocolo de Identidade de Xénero, o DO que reciba información dun alumno/a, ou dos seus representantes legais, dunha situación de identidiade de xénero diferente da asignada no momento de nacemento deberá raelizar nos casos pertinentes, co consentimento da familia, unha Avaliación Psicopedagóxica para detectar posibles necesidades educativas, que reflectirá no correspondente Informe Psicopedagóxico no que recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas.
- Tratamento Educativo do alumnado con Trastornos do Espectro Autista (TEA): de acordo co que se establece no protocolo no momento no que chega ao DO do IES a solicitude de intervención pola sospeita de que un/ha alumno/a poida ser identificado/a como TEA, este/a deberá realizar unha Avaliación Psicopedagóxica.
- Alumando vítima de Maltrato Infantil: o protocolo básico de intervención contra o Maltrato Infantil establece que os/as nenos/as vítimas de Maltrato son considerados como alumnado con NEAE, previo informe e ditame do/a orientador/a do IES. Este informe será o resultado dunha Avaliación Psicopedagóxica.

[2] O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia recolle no seu Art. 16 as modalidades de escolarización do alumnado: a) En Centro Ordinarios, b) en Centros de Educación Especial e c) Modalidade Combinada entre un Centro Ordinario e un Centro de Educación Especial.

- Alumnado con TDAH: o protocolo establece que unha vez que o orientador/a do IES recibe a solicitude por escrito da intervención deberá desenvolver a Avaliación Psicopedagóxica, para o cal poderá solicitar a colaboración do EOE.
- Alumnado con Risco Suicida: o protocolo establece que a Xefatura do DO deberá realizar unha Avaliación Psicopedagóxica no casos de indicios de risco suicida, logo da solicitude por escrito de algún membro da Comunidade Educativa e tamén no caso de intento autolítico. En ambas as dúas situacións a Avaliación Psicopedagóxica terá carácter prioritario e urxente.

Sen prexuízo do establecido anterioramente, a Xefatura do DO do IES de Melide, no desenvolvemento das súas funcións, deberá realizar unha Avaliación Psicopedagóxica sempre que se estime necesario por acordo do Equipo Docente ou da Dirección do Centro, coa finalidade de detectar as necesidades educativas do noso alumnado e poder adaptar a resposta educativa ás mesmas. Asemade, no apartado número 9 do PXAD describimos o protocolo a seguir para a solicitude da realización dunha Avaliación Psicopedagóxica.

f. Sempre que os recursos humanos e organizativos do IES de Melide o permitan, procuraráse establecer unha reunión semanal cos titores da ESO e unha reunión, polo menos trimestral, cos titores de Formación Profesional e Bacharelato. Isto permitirános facer unha intervención con carácter proactivo, para anticiparnos ás dificultades que poidan xurdir.

g. Acordos das sesións de avaliación inicial (etapa da ESO e FPB) e das avaliacións trimestrais.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O Proxecto Educativo (PEC) do IES de Melide recolle como un dos obxectivos e prioridades de actuación a de ***potenciar a inclusión como guía na procura de eficacia e eficiencia das medidas de atención á diversidade do alumnado (agrupamentos pedagóxicos) con atención ás singularidades curriculares e de organización.*** En base a el, o Plan Xeral de Atención á Diversidade formula os seguintes obxectivos xerais:

- Desenvolver una toma de decisións democrática entre todos os membros da Comunidade Educativa que camiñen cara a un modelo de escola inclusiva, na que todo o alumnado teña a posibildiade de compartir tempos e espazos cos seus iguais e en igualdade de condicións.
- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento da Comunidade Educativa e como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para cada unha das etapas educativas.

- Deseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular que dean resposta ás características e necesidades individuais do alumnado.
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo do alumnado.
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía ou estratexias educativas que redunden nunha mellor atención á diversidade do alumando (motivacións, intereses, ritmos de aprendizaxe...).
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade do noso alumnado: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo no que o apoio mutuo axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, potenciando a aprendizaxe cooperativa.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Asesorar ás familias sobre pautas educativas e recursos sociais, sanitarios, etc. que favorezan a convivencia coa diversidade no contexto familiar.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. Actuacións Xerais para atender á diversidade no IES de Melide.

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade do noso alumnado, tomaremos como referencia o recollido no Decreto 229/2011 de atención á diversdade que inclúe que os centros docentes deberán:

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas.
2. Deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.

5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con NEAE.
6. Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
7. Promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
9. Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

4.2. Medidas de Atención a Diversidade

O Decreto 229/2011, de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia define as Medidas de Atención á Diversidade como *aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro e nas concrecións anuais do dito plan.*

4.2.1. Medidas Ordinarias de Atención á Diversidade

O Decreto 229/2011 define as Medidas Ordinarias de Atención á Diversidade como *aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro*. A finalidade destas medidas é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas distintas etapas. As medidas ordinarias de atención á diversidade recollidas na atendita normativa son:

a. **Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

Os agrupamentos, a confección de grupos e os horarios estableceranse de acordo cos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia. Con carácter xeral, o Equipo Directivo (co asesoramento do Departamento de Orientación) aprobará no primeiro Claustro do curso os criterios pedagóxicos para a configuración dos grupos e a elaboración dos horarios para o curso seguinte, así como a comunicación do número de grupos de cada materia (Orde do 1 de Agosto de 1997). En calquera caso, priorizarase sempre que sexa posible a co-docencia[3]e o uso de metodoloxías que

[3] Consiste na unión de dous ou máis profesionais que **comparten** a responsabilidade de desenvolver a ensinanza nas aulas que inclúen a alumnado con diversas necesidades de aprendizaxe (Duk e Murillo,

redunden nunha mellor atención á diversidade (aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais, uso das TIC, gamificación, clase invertida...)

b. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

O concepto de currículo recollido no texto refundido LOE/LOMCE defíneo como aberto, flexible e que admite niveis de concreción en función do contexto, do nivel e etapa educativa e das características concretas do noso alumnado. Nesta dirección, os departamentos didácticos do IES de Melide elaborarán programacións flexibles e abertas, que admitan cambios e modificacións en función das necesidades que poidan xurdir no Centro e no seu contexto.

Asemade, ao inicio de curso, o profesorado do IES de Melide levará a cabo unha avaliación inicial (Decreto 229/2011) que permitirá obter información sobre os coñecementos previos e as competencias do alumnado, e que tomarán como o punto de partida para o deseño e desenvolvemento das Programacións de Aula, favorecendo así a Aprendizaxe Significativa. No que atinxe ás mesmas, é recomendable ter en conta os seguintes aspectos en relación cos elementos do currículo:

En relación cos **obxectivos e contidos**:

- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades do alumnado do grupo.
- Precisar cáles son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecer secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

En relación coa **metodoloxía**: lograr unha estrutura de traballo que facilite ao máximo a construción de aprendizaxe por parte do alumnado é o obxectivo último. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender a diversidade:

- Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado e a cooperación na abordaxe das tarefas.
- Titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
- Traballo individual co alumnado cando se entenda que é necesario para facilitar a continuación do proceso de aprendizaxe.

En relación coas **actividades**:

- Diversidade de actividades.
- Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade.

2013, p. 12). Esta colaboración desenvólvese de forma **cooperativa** na planificación, na execución e na avaliación, e responde ás necesidades do alumnado con ou sen necesidades (Huguet, 2015).

- Existencia de actividades de libre elección.
- De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
- De ampliación (para alumnado avantaxado).

En relación coa **avaliación**:

- Poñer a avaliación ao servicio do proceso de aprendizaxe.
- Fomentar a autoavaliación.
- Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados na súa tipoloxía.
- Diversidade nos elementos de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
- Contextualizar os criterios de avaliación seguindo criterios de adecuación coherentes cos empregados ao contextualizar os obxectivos.

c. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneros, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

A Orde ECD65/2015, do 21 de Xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na EP, na ESO e no BACH, inclúe no seu Anexo II as orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por compentecias na aula e que favorecen a atención á diversidade do alumnado e a súa inclusión en contextos ordinarios. Entre elas destaca:

- Aquelas que axudan a espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.
- Metodoloxías activas e contextualizadas: aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras. Ademais, estas metodoloxías activas e contextualizadas deberán estar apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativas, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situación similares.
- O uso de estratexias interactivas que permitan compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas. Como exemplos podemos citar a aprendizaxe por proxectos,

os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas, a experimentación, a aprendizaxe funcional. O fundamental é favorecer a participación activa do alumnado e contribuír á trasferibilidade das aprendizaxes.

- O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.
- O uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.
- A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

d. Adaptación do tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Partimos da premisa de que os procesos de avaliación afectan ao alumnado, ao profesorado e a todos os elementos do Sistema Educativo. Polo tanto, é necesario verificar, de forma continua e sistemática, como se desenvolven os procesos de ensino-aprendizaxe, como contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado e do profesorado, como se axustan ao que cada cal necesita, qué melloras ou cambios se deben introducir, etc., é dicir, a avaliación ten que servir para comprender como se están desenvolvendo os procesos de ensino-aprendizaxe e para orientalos. **Debe servir, en todos os casos, como unha oportunidade para aprender e para introducir propostas de mellora.**

Máis concretamente, en relación á avaliación do alumnado, é preciso personalizar os procesos de avaliación, adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación deberá realizarse en función dos criterios de avaliación e dos

estándares de aprendizaxe que aparecen na programación de aula. No caso das áreas e/ou materias obxecto de **adaptacións curriculares**, tomará como referencia os criterios e estándares fixados nesta, se ben a efectos de titulación teranse en conta os criterios xerais establecidos na normativa.

No caso do alumnado con NEAE é importante anticipar, planificar e prever, facelos partícipes do que teñen que facer, ou non, cómo e para qué, e de cales son os criterios de avaliación. É dicir, o alumnado debe ter claro que é o que se espera deles. Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno ou a alumna é capaz de facer ou foi adquirindo, por pequeno que sexa, sen centrarse exclusivamente nas súas dificultades. A información que se lle proporcione ao alumnado e aos seus pais/nais/titores legais sobre o seu rendemento escolar ha de incluír, ademais das cualificacións, unha valoración cualitativa, en termos positivos, ben clara, do progreso do alumno ou alumna.

Os instrumentos de avaliación utilizados adaptaranse á realidade de cada un dos alumnos/as, e deberán ser válidos para valorar os logros e progresos conseguidos nas aprendizaxes, baseándose na perspectiva do ***deseño universal da aprendizaxe***[4], coa finalidade de achegar ou facilitar a comunicación e o acceso á información, especialmente no caso de aquel alumnado que ten mais dificultades.

Os procedementos de avaliación deberán ser multimodais (probas escritas, probas orais, observación, traballo individual, traballo en equipo, cadernos de aula, portfolio…) para adaptarse á diversidade do noso alumnado e, no caso de dificultades de aprendizaxe que o requiran estritamente, deberemos ser flexibles cos tempos adicados aos procesos de avaliación (máis tempo nas probas escritas, realizar as probas escritas en varios días diferentes…) e tamén co formato das mesmas, adaptados ás necesidades do noso alumnado.

e. **Aulas de Atención Educativa e Convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia:** o artigo 25 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa en materia de convivencia escolar, recolle as Aulas de Convivencia Inclusiva como unha actuación para a mellora da convivencia escolar.

f. **Desdobramento de grupos:** a Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES e se establece a súa organización e funcionamento, recolle no seu Art. 71(h) que *para grupos de máis de 25 alumnos/as, na área de Ciencias da Natureza e as materias de Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía, poderanse desdobrar unha hora á semana para a*

[4]***Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA):*** é un enfoque didáctico que pretende aplicar os principios do deseño universal no deseño do currículo dos diferentes niveis educativos.

realización de prácticas de laboratorio. Esta medidade irase aplicando pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nas materias ou áreas da lingua estranxeira en función das dispoñibilidades do profesorado e dos recursos materiais do centro. No Art. 79 recolle que *o desdobramento de grupos de alumnos/as, para todos os efectos, serán computados como períodos lectivos ao profesorado que os imparta*.

g. **Reforzo Educativo e Apoio do Profesorado con dispoñibilidade horaria.**

   a. **Reforzo Educativo (RE):** a Orde do 6 de outubro de 1995 define o Reforzo Educativo como unha **medida ordinaria** de atención á diversidade que non precisa de autorización expresa. O reforzo educativo afecta aos elementos NON prescriptivos do currículo, e dicir, á secuenciación de contidos, a selección de actividades, á metodoloxía didáctica, aos procedementos e instrumentos de avaliación, aos recursos utilizados, á organización da aula e aos agrupamentos de alumnado. É responsabilidade do profesorado da materia en coordinación co titor/a do/a alumno/a e, se é o caso, co profesorado especialista de apoio de PT. Debe informarse á familia de que o/a alumno/a está sendo obxecto de reforzo Educativo e debe rexistrarse no seu expediente. É unha medida revisable e reversible en calquera momento.

   b. **Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:** a instrución cuarta da Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa indica que *para o profesorado que non teña o seu horario completo, a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes*. Nesta dirección, o profesorado que conte con dispoñibilidade horaria poderá levar a cabo apoios ao grupo-clase de alumnado priorizando as áreas instrumentais básicas e de acordo co modelo de co-docencia. A xefatura de estudos determinará no horario de profesorado estas horas de apoio. Trátase dunha medida que favorece unha atención máis individualizada ao alumnado e redunda nunha mellor atención á diversidade no IES de Melide.

h. **Programas de Enriquecemento Curricular:** trátase de deseñar programas axustados ás características do alumnado con Altas Capacidades, ao tempo que se manteñen no seu grupo de clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización. Defínense como adaptacións do currículo que se acomoden ás necesidades concretas de aprendizaxe e de desenvolvemento do alumnado e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas. Estas adaptacións do currículo deben comezar por aquelas NON significativas (na metodoloxía, na selección de actividades, nos materiais, nos agrupamentos...) ata chegar a Adaptación

Curricular Signifiativa (ACS) que está suxeita á regulación específica recollida na Orde do 6 de outubro de 1995. Na elaboración das Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACI) do alumnado con Altas Capacidades é frecuente o uso de dous tipos de estratexias:

a. As adaptacións curriculares de ampliación ou **enriquecemento vertical**: consisten en aumentar a cantidades de contidos a aprender nunha ou varias áreas.

b. A amplicación curricular de **enriquecemento horizontal**: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

i. Programas de Reforzo nas áreas instrumentais básicas (AIB): a Circular 8/2009 recolle que esta medida está dirixida ao seguinte alumnado:

- Alumnado que promocione a 1º curso da ESO por imperativo legal (alumnado PIL).
- Alumnado que cursa por primera vez 1º da ESO e non está en condicións de promocionar.
- Alumnado que promocione a 2º da ESO por imperativo legal.
- Alumnado que curse 2º da ESO por primeira vez e non estea en condicións de promocionar.

Trátase dunha medida baseada nos mínimos esixibles das áreas instrumentais básicas: Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas. O alumnado obxecto dun programa de Reforzo nas AIB quedará exento de cursar a 2º Lingua Estranxeira. Para a avaliación do alumnado que sexa obxecto dun programa de reforzo nas AIB, os departamento didácticos establecerán, na súa programación, os procedementos para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso correspondente.

j. Programas de recuperación: a Circular 8/2009 recolle que no suposto de que o alumnado que promocione a 2º da ESO coas materias instrumentais aprobadas (Lingua Galega, Lingua Castela e Matemáticas) pero con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente conte con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, poderase establecer un programa de recuperación das ditas materias. O alumnado que curse un programa de recuperación poderán quedar exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira.

k. Programas Específicos Personalizados: o alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu titor/a do curso anterior no Informe de Avaliación Final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial. Este programa deberá ser elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar

semanalmente. Correspóndelle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento do alumnado na realización das tarefas propostas polo departamento correspondente, e comunicarllo ao profesor/a titor/a quen, coa frecuencia e segundo o procedemento establecido, llo fará chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.

l. **Programas de Habilidades Sociais (HHSS):** correspóndelle ao Departamento de Orientación a elaboración de:

   a. **Un Programa de HHSS de carácter preventivo:** dirixido ao todo o alumnado da ESO e incluído dentro do Plan de Acción Titorial (PAT). Tratará os seguinte aspectos:

      - Actuacións para o desenvolvemento cognitivo.
      - Autocoñecemento e mellora da autoestima.
      - Estratexias para comunicarse e afrontar situacións de conflito.

   b. **Un Programa de HHSS para o alumnado derivado á Aula de Convivencia** co fin de corrixir as condutas disruptivas e mellorar a súa integración no grupo.

   c. **Un Programa de HHSS específico para o alumnado con suspensión do dereito de asistencia ao Centro.** Desenvolverase nas condicións horarias que favorezcan a reincoporación do alumnado obxecto da medida ás actividades lectivas.

Outras medidas ordinarias de atención á diversidade son:

a. **Orientación e Titoría**

   - Definición: o desenvolvemento da acción titorial constitúe unha das ferramentas de atención á diversidade máis eficaces, moi adecuada para coñecer a cada alumno/a, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe e considerar o tipo de atención que o centro pode dispoñer para a súa atención.
   - Destinatarios: todo o alumnado.
   - Profesorado: todo o equipo de profesores/as, coordinado polo/a titor/a do grupo e co apoio do Departamento de Orientación.
   - Temporalización: durante todo o curso escolar, a través dos obxectivos e programas recollidos no Plan de Acción Titorial.

b. **Optatividade e Opcionalidade:** as materias optativas deberán contribuír á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria. A súa combinación coas áreas obrigatorias da ESO dará lugar a diferentes itinerarios formativos e posibilitará que o alumnado opte por eles en función dos seus intereses, motivacións e necesidades. As materias de libre configuración que oferta o IES de Melide son aquelas

recollidas na Orde do 15 de xullo de 2015, na Orde do 13 de xullo de 2016 e na Orde do 3 de Agosto de 2017. Ademais, como libre configuración do Centro temos:

Curso	Materia de Libre Configuración do Centro
2º ESO	Fauna e Flora Galegas
1º BACH	Antropoloxía, Literaturas Hispánicas, Robótica, Artes Escénicas, Cultura e Sociedade da Terra de Melide, Introdución á Programación e Robótica, Oratoria.
2º BACH	Actividade Física e Saúde, Electrotenica, Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos, Xeografía e Historia de Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia, Literatura Galega do século XX e da Actualidade, Artes Escénicas, Introdución á Programación e á Robótica, Obradoiro de Retórica e Debate.

O Departamento de Orientación incluirá dentro do Plan de Acción Titorial (PAT) actividades que favorezan o autocoñecemento e a toma de decisións e proporcionará información e asesoramento ao alumnado nos cursos terminais e mais decisivos (4º ESO e 2º BACH).

4.2.2. Medidas Extraordinarias de Atención á Diversidade

Defínense no Decreto 229/2011, de atención á diversidade, como aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) que requiren modificacións significativas do currículo. Hai que ter en conta dous aspectos para a aplicación destas medidas:

1. *Aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.*
2. *É necesario a autorización da dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda e, se é o caso, realizarase un informe xustificativo do departamento de orientación.*

a. **Adaptacións curriculares (ACS):** trátase dunha **medida extraordinaria de atención á diversidade**que precisa da autorización dos Servizos de Inspección Educativa que corresponda para poder levala a cabo.

   - Afecta aos elementos prescriptivos do currículo, e dicir, aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias e estándares de aprendizaxe avaliables.

- A súa elaboración é responsabilidade do profesor/a da área ou materia, en colaboración cos Departamentos Didácticas e co Departamento de Orientación, e coa coordinación do Titor/a do/a alumno/a.
- A familia do alumno/a que sexa obxecto da Adaptación Curricular Significativa (ACS) deberá ser informada da medida polo/a titor/a do/a alumno/a, en colaboración co Departamento de Orientación.
- O desenvolvemento da ACS terá lugar na aula ordinaria e excepcionalmente fóra do grupo a tempo parcial.
- A ACS é unha medida revisable e reversible e sometarase a un seguimento trimestral que é responsabilidade do profesorado de área ou materia encargado de elaborarla, cos documentos proporcionados polo Departamento de Orientación.
- Con carácter xeral, as ACS teñen unha duración de 1 curso académico, que se poderá ampliar no caso de que o/a alumno/a permaneza un ano máis no curso. Realizaranse na ESO tamén con carácter xeral.

b. **Agrupamentos flexibles:** a Circular 9/1999 recolle como medida de atención á diversidade na ESO os agrupamentos específicos. Entendemos que o Decreto 229/2011 refírese a isto cando fala de agrupamentos flexibles. Así, enténdende como unha medida para apoiar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe xeneralizadas nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas) e tamén para reforzar as áreas de alto nivel conceptual como Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

Os destinatarios desta medida son:

- Alumnado de 1º e 2º da ESO con Retraso Académico Xeneralizado.
- Alumnado de 3º curso da ESO que non acadou os obxectivos dos cursos anteriores.

Os agrupamentos flexibles pódense facer nas áreas instrumentais básicas o 100% do horario lectivo. No caso das áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais o alumnado deberá estar o 40% do horario lectivo semanal no agrupamento flexible e o 60% no grupo de referencia.

É posible realizar os agrupamentos flexibles en 1, 2, 3 ou 4 áreas das mencionadas pero non se pode levar a cabo nas dúas linguas, soamente nunha delas. Como máximo pode haber 5 alumno/as no agrupamento. Será o Departamento Didáctico o responsable de elaborar a Programación Didáctica adaptada do agrupamento. Os obxectivos serán os do grupo de referencia pero integrarán contidos adaptados e unha metodoloxía práctica e funcional. Trátase dunha medida revisable e reversible e deberá rexistrarse no expediente do alumnado como RE.

A Orde do 27 de decembro de 2002 recolle os agrupamentos flexibles como unha medida de atención á diversidade en Educación Primaria e a ESO dirixida ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. Precisará da autorización da Inspección Educativa ou da Xefatura Territorial.

c. **Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica (PT) e/ou Audición e Linguaxe (AL):** a Orde do 27 de decembro de 2002 recolle no seu Art. 19 as intervencións específicas dos profesionais de PT e AL. Nesta dirección indica que *as intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagoxía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno*. ***Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán realizarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.*** *A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o proxecto curricular da etapa e as programacións de aula, corresponde á xefatura de estudos do centro*. A entrada á aula ordinaria dos especialistas de PT e AL realizarase baixo o modelo de co-docencia explicado anterioremente e sempre favorecendo a inclusión no grupo-clase do alumnado obxecto da medida. Ao tratarse dunha medida extraordinaria de atención á diversidade, deberá ser debidamente informada ás familias do alumnado obxecto desta medida a través dun modelo no que asinarán un consentimento informado (Anexo I). En calquera caso, as intervencións das especialistas de PT e AL responderán a un Plan de Intervención Individualizado e adaptado ás necesidades do/a alumno/a obxecto de intervención.

d. **Flexibilización da duración do período de escolarización:** trátase dunha medida extraordinaria de atención á diversidade recollida e regulada no Decreto 229/2011, na Orde do 27 de decembro de 2002 e na Orde do 28 de outubro de 1996. Esta última aplicarase no caso do alumnado con Altas Capacidades. Como todas as medidas extraordinarias de atención á diversidade, para a súa aplicación é requisito ter esgotadas outras medidas de atención á diversidade, tanto ordinarias como extraordinarias. A continuación explicamos as características da flexibilización por etapas:

- **Educación Infantil:** poderá aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente das NEE ou das Altas Capacidades do alumnado. **En ningún caso se poderá permanecer en EI máis alá do ano natural en que se cumpran os 7 anos de idade nin comezar a EP antes do ano natural no que se cumpran os 5 anos.**
- **Educación Primaria:** poderá aumentarse ou reducirse nun ano respecto ó establecido con carácter xeral en función das NEAE do Altas

Capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en EP máis alá do ano natrual en que se cumpran os 15 anos de idade **nin comenzar a ESO antes do ano natural en que se cumpran os 10 anos.**

- **Educación Secundaria Obrigatoria:** a escolarización na ESO poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto ó establecido con carácter xeral, en función das NEAE ou Altas Capacidades do alumnado. **En ningún caso se poderá permanecer en ESO máis alá do ano natural en que se cumpran os 19 anos**, agás en unidades ou Centros de Educación Especial, que se poderá prolongar ata o ano natrual en que se cumpran os 21 anos de idade.
- **Bacharelato e Formación Profesional:** o alumnado con NEE poderá ser autorizado, cando necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar o bacharelato fragmentando os seus cursos por materias ou a formación profesional específica por módulos. Nestes casos o/a alumno/a poderá permanecer escolarizado/a todo o horario, recibindo atención adaptada ás súas necesidades específicas durante os períodos correspondentes ás áreas ou módulos que non estea a cursar. Nestes casos poderase aumentar excepcionalmente a escolarización no bacharelato nun máximo de dous anos escolares respecto ao establecido con carácter xeral. Na formación profesional específica de grao medio e superior poderase autorizar, con carácter excepcional, unha repetición máis das dispostas con carácter xeral.

e. **Flexibilización modular nas ensinanzas de Formación Profesional:** de acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo e co artigo 15 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE[5]), consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. A consellería con compatencias en materia de educación establecerá o procedemento para a autorización das flexibilizacións modulares. Así mesmo, o artigo 62 do Decreto 114/2010 recolle a ***accesibilidade universal ás ensinanzas de FP*** e di o seguinte:

- A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar as ensinanzas de formación profesional que se regulan neste decreto nas condicións establecidas na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

[5] Recordemos que o concepto NEE de acordo coa normativa vixente (LOE/LOMCE) refírese a aquel alumnado que, de xeito temporal ou permanente, precisa de apoios e/ou recursos educativos diferentes aos establecidos con carácter xeral por presentar discapacidade e/ou trastorno grave de conduta.

- As programacións que desenvolvan o currículo das ensinanzas de formación profesional deberán ter en conta o principio de **«deseño para todos»**. Para tal efecto, recollerán as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.
- En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

f. Atención educativo ao alumnado que, por circunstancias diverssas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao Centro Educativo: o protocolo de atención educativa domicialiaria ten como finalidade favorecer a continuación do proceso formativo do alumnado que non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado (por prescripción médica por enfermidade ou lesión). Os destintarios desta medida son:

- Alumnado que curse Ensinazas de Réxime Xeral que deba permanecer convalecente no domicilio por prescricción médica por un período superior a un mes.
- Alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que cause faltas de asistencia so centro de 6 ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de 6 meses.

Para poder poñer en marcha esta medida é obrigatorio contar cun informe médico que xustifique a necesidade de que o/a alumno/a permanezca no seu domicilio. **Debe ser autorizada pola Xefatura Territorial e debe ser solicitada ao Director do Centro Educativo pola familia.**

g. Grupos de adquisición das linguas: medida de atención á diversidade recollida na Orde do 20 de febreiro de 2004 e dirixida ao alumando estranxeiro. A súa finalidade será proporcionar, sen prexuízo das actividades de apoio que se desenvolvan dentro das aulas ordinarias, unha formación inicial específica nas linguas vehiculares (Lingua Galega e Lingua Castelá), a través dunha atención individualizada, de xeito que se posibilite a plena incorporación do alumnado ás actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado, así como a súa familiarización coa vida do centro. Vai dirixida ao **alumnado** de escolarización obrigatoria que proceda do estranxeiro e que descoñeza completamente as dúas linguas oficiais de Galicia. Este alumnado poderá formar parte destes grupos un máximo dun trimestre, que poderá ser ampliado con autorización da inspección educativa. O **profesorado** encargado na ESO dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de Ámbito Linguüístico. A familia deberá ser informada do progreso do seu/súa fillo/a.

h. **Grupos de adaptación da competencia curricular:** medida de atención á diversidade dirixida ao alumnado estranxeiro e recollida na Orde do 20 de febreiro de 2004. A súa finalidade é favorecer o progreso na competencia curricular do alumnado estranxeiro para facilitar a súa incorporación na aprendizaxe do curso que lle corresponda. Está dirixida ao alumnado que presenta un desfase curricular de dous ou máis anos en relación coa súa idade. Pode levarse a cabo nunha fracción da xornada escolar e pode prolongarse durante todo o curso académico. Na ESO poder ser de 10 períodos lectivos á semana, non podendo ocupar a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas e/ou materias. O alumnado obxecto desta medida acudiará ao grupo de adaptación da competencia curricular preferiblemente nas AIB e deberá incorporarse ao grupo ordinario en función do seu progreso. O profesorado encargado da posta en práctica desta medida será aquel especialista nas materias a traballar. A familia deberá ser informada do progreso doa seu/súa fillo/a.

Outras medidas extraordinarias de atención á diversidade son:

a. **Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR):** medida extrarodinaria de atención á diversidade recollida no texto refundido LOE/LOMCE, no Decreto 86/2015 e na Resolución do 11 de maio de 2018.

   Obxectivo: facilitar que os alumnos e alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente respecto á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de Graduado en ESO.

   Destinatarios: alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe (non imputables á falta de estudo ou esforzo) e se atope nalgunha destas situacións:

   - Ter cursado o primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria e non estar en condicións de promocionar ó segundo curso e ter repetido algunha vez en calquera das etapas.
   - Ter cursado o segundo curso de educación obrigatoria, ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a terceiro.
   - Con carácter excepcional, para o alumnado que ten cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e non está en condicións de promocionar a 4º curso da ESO.

   Número de alumnos/as: o número mínimo será de 5 e o máximo de 10.

   Organización do PMAR: o currículo destes programas incluirá os seguintes ámbitos:

   - Lingüístico e Social (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia): nove horas.

- Científico e Matemático (Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química): oito horas.
- Linguas Estranxeiras (1ª Lingua Estranxeira): tres horas.
- Tamén cursarán co grupo de referencia as materias de terceiro que non pertenezan ós ámbitos.

Profesorado: cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos que teñan atribuída algunha das materias que forman o ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

b. **Formación Profesional Básica (FPB):** a normativa específica que recolle aspectos relacionados coa FPB é:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, coas modificacións da Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Artigo 41.1 (BOE: 10-12-13).
- RD 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 5 de agosto de 2014 polo que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas da FP Básica.
- Orde do 14 de agosto do 2014 polo que se regula o acceso e admisión ós ciclos de FP Básica.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de FPB na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG: 22-07-15).
- Resolución do 3 de agosto de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP no curso 2017-2018.

Obxectivos: contribuír a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no Sistema Educativo. Deben favorecer ademais a consecución dos obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional. A oferta obrigada destes ciclos formativos de FPB está destinada a alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para conseguir o título de ESO e, malia iso, sexa o adecuado para poder alcanzar o título de FPB.

Destinatarios: para o acceso á oferta obrigada é necesario que o alumnado cumpra simultaneamente os seguintes requisitos:

- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o terceiro curso de ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal, para a incorporación a un ciclo de FPB.
- Contar co consentimento do pai, da nai ou dos /das titores/as legais para cursar estas ensinanzas.

Duración: 2000 horas, equivalente a dous cursos académicos a tempo completo.

Organización:

- Módulos asociados a Unidades de Competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais.
- Módulos para a adquisición de competencias de aprendizaxe:
  - Comunicación e Sociedade I e Comunicación e Sociedade II (Lingua galega, Lingua Castelá, Lingua estranxeira e Ciencias Sociais).
  - Módulo de Ciencias aplicadas I e Ciencias Aplicadas II (Matemáticas e Ciencias aplicadas a um campo profesional).
  - Módulo de Formación en Centros de Traballo.

Profesorado: cada módulo será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos que teñan atribuída algunha das materias que forman o ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

c. **Exención da 2ª Lingua Extranxeira:** medida de atención á diversidade recollida no Decreto 86/2015 e na Resolución do 11 de maio de 2018.

d. **Fragmentación de 3º e 4º da ESO:** a Orde do 27 de decembro de 2002 recolle que, cando NEAE do alumnado así o xustifiquen, poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación dos cursos terceiro e cuarto de ESO. Neste caso o alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario e, en consecuencia, durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar, deberá prestárselle atención adaptada ás súas necesidades específicas.

e. **Integración de materias en ámbitos de coñecementos no 1º curso da ESO:** o Art. 11 da Resolución do 11 de maio de 2018 desenvolve o recollido no Art. 18 do Decreto 86/2015 e indica que os Centros Docentes poderán agrupar as materias do 1º curso en ámbitos de coñecemento, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a EP e o 1º curso da ESO. Este tipo de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliables e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non nas decisións asociadas á avaliación e á promoción. A

adopción desta medida non condiciona todos os grupos do nivel, nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos. A constitución destes agrupamentos requirirá autorización expresa do servizo provincial de Inspección Educativa.

f. **Dotación de recursos extraordinarios[6]:** sempre que se determine na correspondente Avaliación Psicopedagóxica, o IES de Melide poderá solicitar á Inspección Educativa, co informe previo favorable do Equipo de Orientación Específica (EOE) que corresponda, recursos humanos extraordinarios (Auxiliar Técnico Educativo, intérprete de Lingua de Signos Española, profesores/as da ONCE...) e tamén recursos materiais que axuden a adaptar as respostas educativas ás necesidades do noso alumnado.

g. **Contratos – Programa: Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA):** anualmente, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publica unha resolución na que regula os Contratos-Programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos Centros Docentes. Dentro deles, a primeira actuación é o PROA, programa dirixido ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve, escolarizado na ESO e FPB.

h. **Exención da cualificación da materia de Lingua Galega e Literatura:** a Resolución do 11 de maio de 2018 recolle que o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia na ESO poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos. Non terá dereito á exención o alumnado que tendo realizados estudos en Galicia con anterioridade, cursase fóra da Comunidade Autónoma tres cursos completos ou menos e se reincorpore ao sistema educativo galego.

i. **Bolsas para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE):** anualmente, o Ministerio de Educación e Formación Profesional convoca axudas para o alumnado con NEAE dirixidas ao seguinte alumnado:

    - Axudas directas para o alumnado, incluíndo aos afectados con TDAH, que requiran nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta.
    - Subsidios por NEE derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta para familias numerosas.

[6]Tomarase como referencia a normativa específica de aplicación ao respecto: por exemplo, a orde do 23 de outubro de 1991 e Instrucións 8/2017 para o Auxiliar Técnico Educativo; a Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000 de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas en Galicia, etc.

- Axudas para programas específicos complementarios na educación regrada para alumando con NEAE asociado a altas capacidades.

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS EAPLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

5.1 Criterios para a organización e distribución dos recursos.

O texto refundido LOE/LOMCE recolle como un dos principios do Sistema Educativo a autonomía organizativa e curricular dos centros. Así, facendo uso da mesma, distribuiremos e organizaremos os recursos segundo os criterios que se relacionan a continuación:

- Priorizarase a dotación de recursos (humanos, organizativos e materiais) para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), de acordo coas indicacións recollidas no correspondente Informe Psicopedagóxico.
- A docencia leva implícita as funcións de orientación e titoría (recollida por primeira vez na LOGSE -derrogada- e mantida na actual lei educativa). Nesa dirección, todo o profesorado constitúe o primeiro nivel para detección temperá das dificultades de aprendizaxe do noso alumnado.
- O/a profesor/a titor/a será o responsable de realizar un seguimento do seu grupo-clase para desenvolver unha detección temperá das dificultades de aprendizaxe que poidan xurdir e facer o traslado da demanda ao Departamento de Orientación.
- O profesorado responsable do Reforzo lingüístico ao alumnado obxecto de exención da 2ª Lingua Estranxeira manterá unha coordinación constante co profesorado dos Departamentos das linguas (galega e castelá) e, cando menos, trimestralmente coa Xefatura do Departamento de Orientación. En todo caso, previo acordo do profesorado de Reforzo e o profesorado das materias lingüísticas, procurarase definir os procedementos de avaliación do alumnado que asiste ás sesións de Reforzo.
- O profesorado de materia con dispoñibilidade horaria que realice apoios na aula ordinaria deberá, xunto co/a seu/súa compañeiro/a, priorizar as coordinacións para levar a cabo un modelo de co-docencia e favorecer unha atención máis individualizada ao alumnado.
- As intervención específicas dos/as profesionais de PT e AL levaranse a cabo, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria. Soamente se poderán levar a cabo fóra da aula ordinaria en casos excepcionais que estean debidamente recollidos nas Adaptacións Curriculares e durante un tempo que non excederá da terceira parte da xornada escolar. En todo caso, as intervención das/os especialistas de

PT e AL responderán a un Plan de Intervención Individualizado adaptado ás necesidades concretas do/a alumno/a obxecto de intervención.

- Cando as necesidades horarias e organizativas así o demanden, nas intervencións específicas de PT e AL fóra da aula ordinaria poderán constituírse grupos dun máximo de 2 alumnos/as.
- Serán prioridade as coordinacións dos especialistas de PT e AL co profesorado de materia na planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas específicos de intervención.
- A xefatura do Departamento de Orientación terá unha reunión de coordinación, cando menos quincenal, coas especialistas de PT e AL para levar un seguimento do alumnado obxecto de intervención.
- Os departamentos didácticas deberán favorecer a elaboración de materiais e recursos didácticos que atendan ás características e necesidades individuais do noso alumnado.

5.2 Criterios para a aplicación das medidas propostas.

No momento no que o Equipo Docente dun/ha alumno/a, ou calquera membro da Comunidade Educativa, considere que o seu desenvolvemento integral (académico, afectivo e social) non é o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. **Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes.**

- Partiremos sempre e, en primeira instancia, das medidas de atención á diversidde de carácter ordinario (polo seu carácter normalizador e inclusivo) e só, cando estas sexan insuficientes, aplicaremos as medidas de atención á diversidade de carácter máis extraordinario.
- Con carácter xeral, priorizaremos a repetición de curso (como unha medida excepcional) antes que a realización de Adaptacións Curriculares Signitivativas (ACS).
- Os apoios das especialistas de PT e AL serán, con carácter prioritario pero non exclusivo, nas áreas instrumentais básicas (AIB)e nos primeiros cursos da ESO (1º e 2º da ESO).
- O alumnado con Adaptación Curricular Significativa terá prioridade para os apoios das especialistas de PT e AL.
- A aplicación das medidas de atención á diversidade deberá ser debidamente informada polo profesor/a titor/a á familia do/a alumno/a, coa colaboración do Departamento de Orientación (Anexo I), agás aquelas nas que aparece expresamente recollido na normativa que precisan da autorización dos pais/nais/titores legais. Neste último caso, ademais de informar, o Departamento de Orientación recollerá por escrito, segundo o modelo que podemos ver no Anexo II, a correspondente autorización.

- Todas as medidas de atención á diversidade (especialmente aquelas máis extraordinarias) teñen un carácter revisable e reversible.
- Todas as medidas de atención á diversidade deberán ser sometidas a un proceso de seguimento e avaliación por parte do Equipo Directivo, en colaboración co Departamento de Orientación e co seu asesoramento.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

No camino de darlle resposta ao obxectivo xeral do Plan de Atención a Diversidade do Centro (recollido no Proxecto Educativo do IES de Melide) -***potenciar a inclusión como guía na procura de eficacia e eficiencia das medidas de atención á diversidade do alumnado (agrupamentos pedagóxicos) con atención ás singularidades curriculares e de organización-*** faise imprescindible mostrar unha actitude de colaboración e sensibilidade por parte de todos os membros da Comunidade Educativa para atender á diversidade. Nesa dirección, describimos a continuación as actuacións de cada un/ha dos/as profesionais en relación coas medidas propostas:

Órgano	Normativa Específica de Aplicación	Funcións
Equipo Directivo	Decreto 229/2011	• Responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. • Incorporar a concreción anual do PXAD á Programación Xeral Anual (PXA), e velar polo seu cumprimento, avaliación e memoria. • Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan. • Coordinación con todo o equipo de profesores a través da Xefatura de Estudos • Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con NEAE. • Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.
Departamento de Orientación	Decreto 120/1998 Orde do 24 de xullo de 1998 Decreto 229/2011	• Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación dos alumnos do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención. • Participar na elaboración do PEC incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con NEAE e nos principios de avaliación formativa, e cando cumpra na adecuación dos criterios de promoción. • Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos. • Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade. • Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades

		sociais, técnicas de dinámicas de grupo e calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación. • Promever a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as. • Asesorar á CCP nos aspectos psicopedagóxicos do proxecto curricular.
Xefe/a do Departamento de Orientación	Decreto 120/1998 Orde do 24 de xullo de 1998 Decreto 229/2011	• Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade. • Coordinar en colaboración co/s profesor/es de apoio a atención do alumnado con NEAE, elevando ó xefe de estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.
Especialistas en PT e AL	Decreto 120/1998 Orde do 24 de xullo de 1998 Decreto 374/1996. Orde do 22 de xullo de 1997.	• Coordinar en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e estadía no centro dos/as alumnos/as con algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial. • Asistir ás reunións de CCP e colaborar na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. • Orientar ao profesorado que lle imparta docencia ao alumnado con NEAE, así como a eles mesmos e a os seus pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento. • Colaborar co profesorado titor/a e co resto do profesorado na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares, así como nas medidas de reforzo e de todas aquelas medidas dirixidas á atención á diversidade. • Participar na avaliación do alumnado que accede á educación secundaria obrigatoria, e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. • Prevención, e posta en marcha consecuente, de medidas preventivas primarias e secundarias, en idades temperás, de todo tipo de dificultades que poidan presentar os alumnos. • Detección e intervención temperá de alteracións e/ou retrasos. • Colaboración co orientador na avaliación e valoracións de necesidades no proceso de avaliación psicopedagóxica. • Intervención directa cos alumnos que o precisen como resultado das avaliacións pertinentes mediante accións programadas. Poderán ser tanto na aula ordinaria (co grupo aula, pequeno grupo, preferentemente homoxéneo, para dar resposta adecuada ás súas necesidades, ou de forma

		individual) como na aula de apoio (de forma individual ou en parellas). • Seguimento e colaboración en todos aqueles aspectos que teñan relación coa súa especialidade en todo o relativo a medidas específicas extraordinarias que se estean levando a cabo, tanto do alumno coma dos profesores de aula.
Titor/a	Decreto 324/1996	• Realizar a avaliación inicial individualizada a principios de cada curso académico. • Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e das actividades de orientación académica e profesional baixo a coordinación do xefe de estudos, contando coa colaboración do Departamento de Orientación. • Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir esa información. • Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumnado. • Efectuar un seguimento dos procesos de E-A do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os asesoramentos e apoios. • Coordinar as Adaptacións Curriculares (ACS) para o alumnado do seu grupo. • Colaborar co DO do IES nos termos que estableza a Xefatura de Estudos. • Infomar ao alumnado do grupo, as nais/pais/titores legais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e co rendemento académico.
Profesorado	Art. 91 LOE/LOMCE	• A programación e a ensinanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendandos. • A avaliación do proceso de E-A do alumando, así como a avaliación dos procesos de ensinanza. • A titoría do alumnado, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias. • A orientación educativa, académica e profesional do alumnado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. • A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.

		• A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros. • A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar no alumnado os valores da cidadanía democrática. • A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo. • A coordinación nas actividades docentes, de xestión e dirección que lles sean encomendadas. • A participación na actividade xeral do centro. • A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións Educativas ou os propios centros. • A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondente.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

Tendo en conta que a responsabilidade da atención á diversidade abrangue a toda a Comunidade Educativa, faise precisa a participación conxunta dos diferentes profesionais implicados. Como consecuencia deberase garantir a coordinación das súas actuacións pola dirección do centro.

É fundamental abrir canles e impulsar mecanismos de comunicación entre todas as persoas e instancias implicadas no proceso, así como a creación de espazos para a reflexión do profesorado sobre a súa práctica docente, nun clima de respeto e aceptación que contribúa a estimular a avaliación formativa e a impulsar as iniciativas innovadoras. A coordinación representa unha condición indispensable para levar a cabo a tarefa educadora que pola súa dimensión social, implica o establecemento de continuas interacións entre os distintos axentes que nela participan.

7.1 Mecanimos de coordinación e colaboración internos.

Mecanismos de Coordinación	Periodicidade da coordinación
Equipo Directivo	Semanalmente
Comisión de Coordinación Pedagóxica	Mensualmente
Departamento de Orientación (DO)	Mensualmente
DO + Especialistas de PT e AL	Quincenalmente
DO + Xefatura de Estudos	Semanalmente
DO + Titores	Semanalmente
Departamentos Didácticos	Mensualmente
Equipo Docente dun grupo-clase	Unha vez ao trimestre (coincidindo coas sesións de avaliación). Na 1º Avaliación, dúas veces ao trimestre na etapa da ESO. Así mesmo, procurarase que na 2ª e na 3ª avaliación se realice unha reunión a mediados do trimestre para realizar un seguimento da atención á diversidade do alumnado.
DO – Servizos Externos ao centro	Cando cumpra.

7.2. Mecanismos de coordinación e colaboración cos Centros Adscritos.

Mecanismos de Coordinación	Periodicidade da coordinación
DO + DO dos Centros Adscritos	Trimestalmente
DO + Centros Adscritos	Mes de maio (período de transición).
Xornada de Convivencia/Portas Abertas	Mes de maio/xuño.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

A UNESCO sinala como unha das cinco medidas que favorecen a calidade do Sistema Educativo, a implicación da familia no proceso de ensino-aprendizaxe dos/as seus/súas fillos/as. De aí que garantir unha axeitada atención á diversidade esixa canles de colaboración e comunicación fluídas, tanto internas como externas, en distintos ámbitos e niveis.

Neste sentido é importante deseñar os instrumentos e protocolos que faciliten o intercambio de información entre o IES de Melide e as familias, así como cos diferentes servizos externos ao centro.

Algunhas das iniciativas que representan o modelo de **comunicación e intercambio de información coas familias** concrétanse a través das seguintes actuacións:

- Antes do inicio de curso (xuño): Xornada de Convivencia e de Acollida para as familias do alumnado de nova incorporación ao centro.
- Reunión inicial (outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do Equipo Directivo, do profesorado do centro e do Departamento de Orientación. Información sobre a organización e funcionamento do centro, facendo especial fincapé na hora de atención a pais e nais do Equipo Docente e deixando claras os canles de comunicación co IES de Melide (páxina web do centro, teléfonos de contacto, horario do IES, horario de secretaría, etc.).

Durante todo o curso:

- Hora de atención a pais e nais de todos os membros da Comunidad Educativa (Equipo Docente, Equipo Directivo e membros do Departamento de Orientación). Esta información é proporcinada polo Equipo de Titores ás familias a comezos de curso e tamén está a disposición da Comunidade Educativo na páxina web do IES de Melide.

- Os pais e nais terán información cando teña lugar algunha circunstancia salientable que afecte á educación do/a seu/súa fillo/a e trimestralmente a través do boletín de notas. Esta información será proporcionada, con carácter xeral, de xeito presencial.
- Nos momentos concretos en que se requira a conformidade das familias para a posta en marcha de actuacións, medidas e/ou programas de atención á diversidade, estes serán debidamente informados polo/a titor/a, co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación. Sempre que sexa posible, esta información trasmitirase tamén de xeito presencial.
- Coordinación entre os profesionais que atenden ao ACNEAE

En canto aos **servizos externos**, resáltanse os seguintes aspectos:

- As reunións axústanse aos horarios e teñen en conta as funcións dos distintos profesionais.
- Da intervención colaborativa cos Servizos Sociais da localidade destácase o contacto periódico, xa que a través deles o centro conecta coas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc. Como norma xeral, o Departamento de Orientación do IES de Melide terá unha reunión trimestral coa Educadora Familiar do concello, sen prexuízo de que poidan reunirse tantas veces como as circunstancias así o demanden.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios lévase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con NEAE da contorna máis próxima (por exemplo, a Asociación AMARAI e o Centro Ocupacional de Melide) e doutras que poidan proporcinar formación, asesoramento e recursos: Autismo Galicia, ONCE, COGAMI, AMICOS…
- Colaboración do Departamento de Orientación co EOE de A Coruña.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación.
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da Xefatura.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas de Atención á Diversidade Extraordinarias	Protocolo para a solicitude	Protocolo para a autorización	Observacións
Realización dunha Avaliación Psicopedagóxica	1. O/a titor/a do/a alumno/a será o/a encargado/a de cubrir o Anexo III e entregalo ao Departamento de Orientación. 2. O Departamento de Orientación, nas súas sesións de coordinación, e en colaboración co Equipo Directivo e co Equipo Docente do/a alumno/a, decidirá a pertinencia ou non da realización dunha Avaliación Psicopedagóxica.	Estará a disposición do IES de Melide o documento de solicitude da Avaliación Psicopedagóxica. Autoriza o Departamento de Orientación do IES de Melide, en colaboración e coordinación co Equipo Directivo e co Equipo Docente do/a alumno/a.	É importante ter en conta que se realizarán as Avaliacións Psicopedagóxica priorizando aquelas situacións recollidas na normativa. Así mesmo, será requisito ter esgotadas, sen que estas foran suficientes, a aplicación das Medidas Ordinarias de Atención á Diversidade.
Adaptacións Curriculares	1. Profesorado de materia e/ou Titor/a informa ao DO da necesidade de realizar unha ACS. Tamén como un acordo dunha sesión de avaliación. 2. O DO realiza a Avaliación Psicopedagóxica (AP) e realiza o correspondente Informe Psicopedagóxico (IP). 3. Reunión: Xefatura de Estudos (XE) , titor/a, Equipo Docente, Xefe/a do DO e PT/AL: toma de decisión sobre a pertinencia de realizar unha ACS. 4. Informar á familia por parte do/a titor/a, en	Autoriza o Servizo de Inspección Educativa.	A familia pode facer unha reclamación ante a decisión de realizar unha ACS ao seu fillo/a perante a dirección do Centro en primera instancia e, se esta non fose suficiente, perante o Servizo de Inspección Educativa.

	colaboración con Xefe/a do DO. 5. Elaboración do Documento Individual de Adaptación Curricular (DIAC): profesorado de materia, titor/a e xefe/a do DO. 6. Director/a do Centro: envía solicitude á Inspección Educativa.		
Agrupamentos Flexibles	1. Reunión: XE, Xefe/a do DO e profesorado afectado. 2. Concreción das áreas e do alumnado afectado (antes do 30/09). 3. Informe individualizado por parte do titor/a. Non é obligatorio o IP por parte do DO. 4. Información á familia por parte do/a titor/a. 5. Elevación da proposta á CCP (alumnado, horario, áreas, profesorado e PD adaptadas). 6. A Dirección do Centro envía a solicitude á Inspección Educativa	Autoriza o Servizo de Inspección Educativa.	
Apoios dos especialistas de PT e AL	1. Titor/a – profesorado de materia fai a solicitude de apoio de PT e AL ao DO. Tamén como acordo da sesión da avaliación. 2. DOvalora solicitude e eleva a proposta de horarios á XE.	Acordo do Equipo Docente. Toma a decisión o DO. Aproba a XE. Autoriza a familia (Anexo II)	
Flexibilización do período de escolarización	1. DO/EOE realiza a AP e IP. 2. Realizar a solicitude no aplicativo da Xunta antes do 30 de abril por parte da Xefatura do DO. o Informe Psicopedagóxico. o **Conformidade por escrito da familia.**	Autoriza a Dirección Xeral co informe favorable de Inspección Educativa (debe enviar a resolución antes do 31 de xullo).	É imprescindible ter esgotadas outras medidas de atención á diversidade menos extraordinarias.

	○ Proposta de Adaptación Curricular. ○ Fotocopia do libro de escolaridade. 3. Envío do/a Director/a á Inspección Educativa. 4. Envío do/a Director/a á Dirección Xeral antes do 31 de maio.		
Atención ao alumnado que, por circunstancias diversas, teña dificultades de asistencia continuada ao centro.	1. Solicitude da familia á Dirección do Centro (Anexo I) co Informe Médico (Anexo II). 2. Elaboración dun informe polo titor/a cos resultados da avaliación, medidas de atención á diversidade aplicadas e/ou información relevante (Anexo III). No caso de que se trate de alumnado con NEAE, Informe Psicopedagóxico do DO. 3. Traslado á Xefatura Territorial no prazo de 5 días (Anexo IV) + envío de copia á Inspección Educativa. 4. Resolución da XT en 5 días (previo informe favorable de IE) no que se concretará: asignación horaria, duración, condicións para a continuidade... 5. O Centro Educativo informa á familia.	Autoriza a Xefatura Territorial.	Os Anexos referidos a esta medida son os recollidos no Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria e non aparecen como Anexos a este PXAD.
Grupo de Adquisición de Linguas	1. Solicitue á dirección do Centro. 2. NON require AP nin IP por parte do DO. 3. Envío á inspección do informe correspondente.	Autoriza a Xefatura Territorial.	Información ás familias do progreso do alumnado.
Grupo de Adquisición da Competencia Curricular	1. Solicitue á dirección do Centro. 2. NON require AP nin IP por parte do DO. 3. Envío á inspección do informe	Autoriza a Xefatura Territorial.	Información ás familias do progreso do alumnado.

	correspondente.		
PMAR	1. Avaliación Extraordinaria (setembro): o Equipo Docente realiza unha proposta de alumnado para a súa incorporación ao PMAR. 2. O titor/a do/a alumno/a: elabora informe individualizado. 3. O titor/a traslada o informa ao Xefe/a do DO. 4. O xefe/a do DO realiza AP + IP no que quede constancia da opinión da familia sobre a medida. 5. Constitúese unha comisión: XE (Pte.) + Xefe/a do DO + titor/a do alumno/a: realiza unha proposta ao Director do Centro. 6. O Director eleva a proposta á Inspección Educativa.	Autoriza o Servizo de Inspección Educativa.	
FPB	1. Equipo Docente + Xefe Estudos: proposta da relación de alumnado para FPB. 2. Titor/a: elabora o Consellor Orientador (Anexo II da Orde do 13/07/2015) coa colaboración do Xefe/a do DO. 3. Dirección do Centro (co asesoramento e colaboración do DO): comunica a decisión á familia: entregará copia do Consello Orientador e do Anexo III da Orde do 13/07/15 para o seu consentimento. 4. Director/a do Centro: entrega a comunicación de incorporación á FPB por duplicado (Anexo IV da Orde do 13/07/15) ao/á	Acordo do Equipo Docente e o/a Xefe/a de Estudos. Autorización da familia.	O Consello Orientador debe ir asinado polo titor/a + Xefe/a do DO + Director do Centro e debe emitirse por duplicado. En caso de situación de separación ou divorcio o consentimento da familia deberá estar asinado por ámbolos dous proxenitores.

	alumno/a.		
Exención 2º Lingua Estranxeira	1. Informe do titor/a da etapa ou curso anterior sobre a idoneidade desta Medida de Atención á Diversidade. Tamén como acordo do Equipo Docente en sesión de avaliación.	Autoriza a Dirección do Centro, oída a familia do/a alumno/a.	
Fragmentación de 3º e 4º da ESO	1. DO/EOE realiza a AP e IP. 2. Realizar a solicitude no aplicativo da Xunta antes do 30 de abril por parte da Xefatura do DO. o Informe Psicopedagóxico. o **Conformidade por escrito da familia.** o Proposta de Adaptación Curricular. o Fotocopia do libro de escolaridade. 3. Envío do Director/a á Inspección Educativa. 4. Envío do Director/a á Dirección Xeral antes do 31 de maio.	Autoriza a Dirección Xeral co informe favorable de Inspección Educativa (debe enviar a resolución antes do 31 de Xullo).	
Ingración de materias en ámbitos no 1º curso da ESO	1. Dirección do Centro: envía proposta á Inspección Educativa (detallando materias agrupadas en ámbitos, asignación horaria, profesorado implicado...).	Autoriza o Servizo de Inspección Educativa.	
Dotación de recursos extraordinarios	1. O DO realiza unha Avaliación Psicopedagoxíca na que se recolle explicitamente e se xustifica a MAD. 2. A dirección do Centro fai a solitude á Inspección Educativa, co informe previo favorable do EOE que corresponda.	Inspección Educativa + Informe favorable do EOE.	
Contratos-Programa	1. A Dirección do Centro realiza a solicitude á	Dirección Xeral de Educación,	Priorizarase para esta medida

(PROA)	Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (no momento no que se abre a convocatoria, aprox. mes de outubro ou novembro). 2. O Director do centro asigna coordinador/a e profesorado responsable. 3. O Departamento de Orientación, en coordinación cos titores + PT/AL + profesorado de Reforzo do alumando exento de 2ª Lingua Estranxeira, realiza proposta de alumnado á dirección do Centro.	Formación Profesional e Innovación Educativa.	o alumnado de 1º e 2º da ESO.
Exención da Cualificación da materia de Lingua Galega	1. O/a alumno/a realiza a solicitude á Dirección do Centro. 2. Comprobación de que cumpre os requisitos.	Autoriza a medida a Dirección do Centro.	
Bolsas NEAE	1. A familia realiza a solicitude na páxina web do Ministerio de Educación e Formación Profesional(MEFP) no momento no que sae a convocatoria (aprox. no mes de agosto; remata prazo a finais de setembro). 2. A familia entrega a solicitude no DO do centro. 3. A Xefatura do DO realiza o informe correspondente. 4. A dirección do centro envía as solicitudes ao Servizo de Inspección Educativa. 5. Inspección Educativa emite informe favorable ou desfavorable.	Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) co informe previo FAVORABLE do Servizo de Inspección Educativa.	Cando a familia teña dificultades para realizar a solicitude na web do MEFP será a Xefatura do DO a que proporcione asesoramento e apoio. No seu defecto, o Equipo Directivo.

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA

Santos Guerra (2003) define a avaliación como un proceso de diálogo, comprensión e mellora. Trillo Alonso (2008), engade que a avaliación é un proceso de recollida de información co obxectivo de emitir xuízos de valor que conduzan a unha toma de decisións.

A avaliación da atención á diversidade no IES de Melide constitúe un feito trascendente e cotián, inmerso no día a día da práctica docente, pois iso permítenos ir modificando aspectos que consideremos oportunos e levar a cabo unha retroalimentación constante e continua da atención á diversidade no centro.

O Art. 11 do Decreto 229/2011, de atención á diversidade, indica que será o Equipo Directivo do IES de Melide o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. Sen prexuízo do anterior, este proceso deberá ser unha **RESPONSABILIDADE COMPARTIDA** entre todos os membros da Comunidade Educativa.

A avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade levarase a cabo en tres momentos diferentes:

- *Avaliación inicial*: constitúe o punto de partida e permite coñecer a realidade ou o estado da Comunidade Educativa no relativo á súa diversidade antes de aplicar un plan ou programa co obxectivo de realizar unha intervención máis axeitada. O proceso de avaliación inicial foi descrito no apartado de identificación de necesidades.

- *Avaliación continua*: proporciónanos información ao longo do desenvolvemento do proceso e permite, polo tanto, orientar e corrixir tanto o proceso como os resultados. Realízase durante o curso e será responsabilidade do Equipo Directivo co apoio e asesoramento do Departamento de Orientación (Art. 11 do Decreto 229/2011).

- *Avaliación final*: ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro levará a cabo a avaliación final que permitirá valorar o grao de consecución dos obxectivos propostas. Así mesmo, o DO, elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro. (Art. 13 do Decreto 229/2011). Os criterios de avaliación do PXAD serán os seguintes:
    - Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
    - Nivel real de inclusión do alumnado con NEAE nas dinámicas de aula e no centro.

- Grao de desenvolvemento do programas establecidos de forma individualizada para cada alumno/a e, se é o caso, dos establecidos para o grupo-clase.
- Logros acadados en relación aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da Comunidade Educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
- A coordinación nas distintas actuacións entre o profesorado titor, o equipo docente e o profesorado especialista (PT) de apoio ao alumnado con NEAE e, de ser o caso, cos servizos externos.
- O grao de colaboración das familias do alumnado en xeral e, en particular, do alumnado obxecto dalgunha medida de atención á diversidade.

Para o proceso de recollida de información que permita o seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade utilizaranse diversas técnicas e procedementos, entre os que destacamos:

- Análise e valoracións das actuacións, medidas e/ou programas a través das reunións semanais dos/as titores/as co orientador.
- Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos, elevando as conclusións á CCP.
- Reunión entre o Equipo Directivo e o Departamento de Orientación polo menos unha vez ao trimestre.
- Seguimento das actuacións, medidas e/ou programas a través das reunións do Departamento de Orientación.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro.

Para a recollida de datos serán útiles: os intercambios orais, as escalas e cuestionarios e as entrevistas. Estes serán aplicados tanto ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado) como aos seus destinatarios (alumnado e pais).

Finalmente, tamén teremos en conta uns **indicadores de logro** para avaliar a atención á diversidade no IES de Melide. Estes son:

A atención á diversidade parte dunha adecuada identificación de necesidades.	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**
Existe coherencia entre o Proxecto	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**

Educativo do IES de Melide e o recollido no Plan Xeral de Atención a Diversidade.					
O deseño e desenvolvemento do PXAD ten en conta as directrices da CCP e do Equipo Docente	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**
O PXAD axústase á normativa vixente en canto a estrutura, contidos e novidades.	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**
O PXAD fomenta o traballo en equipo e a implicación do Equipo Docente, da familia e da Comunidade Educativa en xeral.	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**
Cúmprense as reunións e coordinacións previstas no PXAD.	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**
Inclúe as modificacións ao longo da súa aplicación por mor de causas sobrevidas.	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**
Lévase a cabo unha avaliación continua e formativa.	**1**	**2**	**3**	**4**	**5**

11. APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No exercicio das súas funcións, o Claustro de Profesorado do IES de Melide, aproba este Plan xeral de Atención á Diversidade e, por conseguinte, o director do IES resolve aprobar o mesmo.

Para que así conste.

Asdo.: Ramiro Piñeiro Oliveira
(Director do IES de Melide)

Melide, 7 de maio de 2019

ANEXO I:

INFORMACIÓN SOBRE APLICACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

D/Dna ……..……...con DNI:…….como pai/nai do alumno/a……

FUN INFORMADO de que o Equipo Docente do meu fillo/a, co asesoramento Departamento do Orientación, acordou que **se poña en marcha a Medida de Atención á Diversidade ORDINARIA** recollida na normativa vixente que se indica a continuación, co obxectivo de adaptar a resposta educativa ás necesidades do/a alumno/a.

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Melide, a ……de ……..de 201

Asdo: Pai/Nai/titor/a legal

ANEXO II:

INTERVENCIÓNS ESPECÍFICAS DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT)

D/Dna ……..……...con DNI:…….como pai/nai do alumno/a……

FUN INFORMADO de que o Equipo Docente do meu fillo/a, co asesoramento Departamento do Orientación, acordou que **se poña en marcha a Medida de Atención á Diversidade EXTRAORDINARIA** recollida na normativa vixente que se indica a continuación, co obxectivo de adaptar a resposta educativa ás necesidades do/a alumno/a.

DESCRIPCIÓN DA MEDIDA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Nesa dirección:

☐ **AUTORIZO** a que se poña en marcha a MAD extraordinaria.

☐ **NON AUTORIZO** que se poña en marcha a MAD extraordinaria.

Melide, a ……de ……..de 201

Asdo: Pai/Nai/titor/a legal

ANEXO III:

SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DUNHA AVALIACIÓN PSICOPEDAGOXÍA[1]

Don/Dna……como titor/a do/a alumno/a: …….....

INFORMO:

IDADE DO/A ALUMNO/A	
CURSO NO QUE ESTÁ ESCOLARIZADO	
MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS	
CURSOS NOS QUE NON PROMOCIONOU	
RESUMO DOS INFORMES DO EQUIPO DOCENTE DO/A ALUMNO/A	
RESUMO DAS ENTREVISTAS COAS FAMILIAS	
INTERVENCIÓNS DE PROFESIONAIS EXTERNOS	

E, por conseguinte **SOLICITO** que o Departamento de Orientación do IES de Melide realice as actuacións pertinentes no marco dunha avaliación psicopedagoxía.

Melide, a____de_____de 201

Asdo: Titor/a do/a alumno/a no IES de Melide

[1] O/A titor/a do/a alumno/a debe facer entrega deste documento á persoa responsable da Xefatura do Departamento de Orientación do IES de Melide, xunto coa autorización por escrito do/a pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a (Anexo IV do PXAD). Asemade, é recomendable que garde unha copia.

ANEXO IV:

AVALIACIÓN PSICOPEDAGOXÍA

AUTORIZACIÓN DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

Don/Dna……

como nai/pai/titor/a do/a alumno/a: …….AUTORIZO a que o Departamento de Orientación do IES de Melide realice as actuacións pertinentes no marco dunha avaliación psicopedagoxía (entrevistas ao profesorado, entrevista á familia, observacións na aula, aplicación de probas estandarizadas fóra da aula…) ao meu fillo/a.

Melide, a____de_____de 201

Asdo: